



Canto nos custa a “boa prensa” do Goberno Local?

BENEFICIARIO	IMPORTE
Z EDICIONES (DIARIO DE PONTEVEDRA)	8507,80
FARO DE VIGO	7020,93
CRTVG	5912,06
LA VOZ DE GALICIA	5438,95
VIRTUAL VEDRA (pontevedraviva.com)	4961,00
RADIO PONTEVEDRA	3522,07
SERMOS GALIZA	3267,00
RADIO POPULAR (COPE)	3091,55
RÍAS BAIXAS COMUNICACIÓN	1631,08
UNIPREX S&L	943,80
EDITORIAL LA CAPITAL (DIARIO DE AROUSA)	834,90
	544,50
	500,00

En marzo de 2018 Veciñanza solicitaba un informe detallado dos pagos por parte do Concello de Cuntis a empresas e medios de comunicación. Case un ano despois, e logo de reclamálo en reiteradas ocasións, ese informe non chegou. A transparencia era un dos eixos que pregoara o novo goberno, e por iso entendiamos que os veciños e as veciñas de Cuntis teñen dereito a saber a onde se destina cada céntimo dos orzamentos municipais. Neste caso, o Bipartito non nos puxo facilidades.

Tivemos que recontar, un a un, os pagos de facturas do ano 2018 que mediante Decretos de Alcaldía se ordenaron pagar a xornais, radios, medios e empresas de comunicación baixo calquera tipo de concepto. 22 medios ou empresas de comunicación cobraron do Concello de Cuntis só durante o ano 2018 a cantidade de 49034.20 euros.

Unha cantidade absolutamente

disparatada que explica a negativa do Grupo de Goberno a entregar o informe que solicitabamos. Entrado o 2019 séguense a pagar facturas de 2018, polo que estas cantidades poderían incluso verse incrementadas.

Ademais do escándalo político que supón esta cantidade para un concello como o de Cuntis, non o é menos que **estes pagos abónanse sen ningún tipo de criterio** baseado en audiencias, distribución das publicacións, estudos de retorno do investimento, etc.

Veciñanza considera que efectivamente debe haber unha partida o suficientemente dotada para a promoción e difusión das novidades do Concello, das festas e actos que se organizan, etc. Pero ese gasto debe estar suxeito ao rigor máis absoluto, debe ser correctamente previsto e orzamentado en cada exercicio e

debe cumprir a súa función. De non ser así, calquera podería pensar que se están a empregar cartos públicos para mercar a fidelidade dos medios de comunicación e deseñar unha imaxe amable de quen goberna, cando non doutro tipo de intereses. Veciñanza confía en que se trate “só” dunha mala praxe na xestión e dunha ausencia total de fiscalización do diñeiro público, pero para poder disipar todas as dúbidas o PSOE e o BNG deberan reflexionar sobre como están a gastar os cartos de todos e todas.

Os datos relativos a pagos de facturas a empresas e medios de comunicación están dispoñibles con maior detalle na nosa web, www.veciñanza.gal. Todas as cantidades e conceptos están recollidas nos correspondentes Decretos de Alcaldía, mediante os cales se poden contrastar estes datos.

22 empresas ou medios de comunicación percibiron durante o ano 2018 case 50.000 euros en facturas.

BENEFICIARIO	IMPORTE
LÉREZ EDICIONES (DIARIO DE PONTEVEDRA)	8507,80
FARO DE VIGO	7020,93
CRTVG	5912,06
LA VOZ DE GALICIA	5438,95
VIRTUAL VEDRA (pontevedraviva.com)	4961,00
RADIO PONTEVEDRA	3522,07
SERMOS GALIZA	3267,00
RADIO POPULAR (COPE)	3091,55
RÍAS BAIXAS COMUNICACIÓN	1631,08
UNIPREX SAU	943,80
EDITORIAL LA CAPITAL (DIARIO DE AROUSA)	834,90
VIGO RTV LOCAL	544,50
ALFREDO BÁRCENA VARELA	500,00
INICIATIVA GALEGA DE COMUNICACIÓN	484,00
LA VOZ RADIO	453,69
SABUCEDO PUXA	435,60
PORTAL LITERARIO SL	423,50
ATLANTIS COMUNICACIÓN	350,90
SOLUCIONES Y PROYECTOS DE INFORM.	272,25
FUNDACIÓN CULT. DA ESTRADA	188,76
LA ALACENA ROJA	157,30
IÑIGO MOUZO	92,56

RECORDA!

Os datos relativos a pagos de facturas a empresas e medios de comunicación están dispoñibles con maior detalle na nosa web, www.veciñanza.gal. Todas as cantidades e conceptos están recollidas nos correspondentes Decretos de Alcaldía, mediante os cales se poden contrastar estes datos.

A loita polo servizo de pediatría en Cuntis

A mobilización veciñal conseguiu que a Xunta de Galicia tivese que repoñer o servizo de pediatría en Cuntis logo de suprimilo durante case dous meses. A praza de pediatra, compartida entre os centros de saúde de Cuntis e Moraña, quedou sen cubrir a comezos de outubro e as familias atendidas nela tiveron que ser derivadas a Caldas, provocando axiña o colapso e xerando múltiples problemas nunha área tan sensible como a sanidade infantil.

Os catro grupos da Corporación Municipal mantivemos a determinación de esixir a reposición desa praza saíndo á rúa, aínda que o impulso que prestamos cada unha das catro forzas políticas foi ben distinto. Despois de catro venres consecutivos de concentracións veciñais diante do Centro de Saúde, o día 5 de decembro percorreu as rúas de Cuntis unha gran manifestación para esixir a reposición do servizo de pediatría.

Estivemos acompañados/as por veciños/as de Moraña, tamén afectados pola supresión temporal da praza. A convocatoria foi un éxito e un exemplo de determinación do que sentirnos orgullosos/as, e avalou a aposta inicial de Veciñanza pola mobilización como vía imprescindible para defender a sanidade pública. Ao tempo, traballabamos en artellar unha rede de municipios afectados e trasladamos ao Parlamento de Galicia, da man da deputada Flora Miranda, a esixencia de reposición do servizo de pediatría en Cuntis e Moraña. A semana seguinte da manifestación de Cuntis, tres días antes

de ser debatida a cuestión no Parlamento Galego, a Xunta anunciaba a reposición do servizo de pediatría. Cuntis foi unha das primeiras localidades en saír á rúa, pero as mobilizacións axiña prenderon polo resto do País. Foron moitos os municipios que se sumaron e protestan, aínda hoxe, contra a xestión sanitaria do Goberno Galego. Colapso nas urxencias, recortes de persoal, conflitos laborais, dimisións, revoltas nos PACs... A sanidade pública en Galicia presenta un estado de emerxencia en todas as áreas, e xa se produciron consecuencias fatais nos últimos meses.



Breves. Titulares do 2018

Durante o ano 2018, Veciñanza mantivo o traballo en todas as áreas tratando de exercer en todo momento unha oposición responsable e construtiva. Este é un resumo dos principais asuntos nos que traballamos.

- Proposta de rehabilitación do **matadoiro vello**. Un inmoible abandonado e cun potencial inmenso, localizado nunha zona moi interesante e cunha chea de posibilidades. *De momento, idea desbotada.*
- Mellora da **seguridade vial** na N-640 ao seu paso polo casco urbano, especialmente nos pasos de peóns. *Atendida parcialmente.*
- Iniciativa para a mellora das **webs e redes sociais do concello**. *Sen novidades ao respecto.*
- Proposta de **saneamentos** completos no rural. *Avances nalgúns puntos concretos.*
- Esixencia de mellora da **acesibilidade** nos espazos públicos. *Sen novidades ao respecto.*
- Plan de conservación e mantemento do **casco urbano**. Urxe aproveitar todo o atractivo turístico do casco histórico do Baño, é imprescindible que a súa aparencia estea impecable: rúas limpas, sen papeleiras rotas, sen sinais sucias, sen mobiliario urbano oxidado ou en mal estado. *Sen atender.*
- Iniciativas para a fixación de **poboación** en Cuntis. *Atendida parcialmente.*
- Impulsamos e promovemos activamente as concentracións en defensa dunha **atención sanitaria digna**.
- Presentamos alegacións ao 'Anteprojecto de Lei de regulación do aproveitamento lúdico das **augas termais** de Galicia'. O noso traballo xira arredor do incuestionable principio do carácter público das nosas augas.
- Iniciativa para a recuperación do proxecto dunha **gardería** infantil pública en Cuntis, do ano 2009. Moción aprobada en pleno á que o grupo de goberno non lle deu *continuidade ningunha*.
- Esixencia de reparación das **pasarelas** de madeira sobre o Gallo.
- Proposta de mellora das nosas **festas** patronais.
- Proxecto de creación dunha **Liga de Carreiras Populares de Cuntis**. Un proxecto que mesturaba a dinamización do rural, do noso patrimonio, da natureza e dos nosos atractivos turísticos mediante o deporte. Gran acollida veciñal, *nula atención por parte do grupo de goberno.*
- Moción para a reforma e mellora da **seguridade vial** na EP-8401, o vial que conecta Cuntis con Pontevea e que soporta unha alta intensidade de tráfico.
- Proposta de regulamento de participación veciñal e **transparencia**. *Cero avances nesta materia* durante esta lexislatura.
- Promovemos e impulsamos a loita veciñal pola reposición do servizo de **pediatría** en Cuntis, *difundímolos cos nosos medios e trasladámolos* ao Parlamento Galego.
- Alegacións ao mapa de **inundacións** da Xunta de Galicia.



Para máis información podes visitar a nosa web: www.veciñanza.gal



No noso Facebook: facebook.com/veciñanza/



Email: info@veciñanza.gal



@Veciñanza